



Guía didáctica
para primaria

A antiga casa do concello de Santiago de Compostela

Zona C. Punto de
información cultural



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO

Presentación

Esta guía didáctica ten como finalidade achegar ao estudantado de primaria o inmobile que na actualidade acolle a **Zona C. Punto de información cultural**. Un espazo multidisciplinar que acolle o principal punto de venda de entradas de Compostela Cultura (Auditorio de Galicia e Teatro Principal), ademais de intervencións artísticas e actividades diversas.

Orixinalmente, foi construído a finais do século XVII para funcionar como casa do concello de Santiago de Compostela. Estamos polo tanto diante dun dos edificios consistoriais máis antigos de Galicia.

Localización

Situado na Praza de Cervantes, a súa actual porta principal é a da rúa do Preguntoiro, número un. A casa consistorial compostelá non xorde nesta localización, polo que, co fin de dar a coñecer a súa evolución, remontamos o noso estudo ata as orixes, para chegar despois, á súa situación actual no Pazo de Raxoi.



Zona C. Punto de Información Cultural

Enderezo

Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes)
Teléfono: 981 54 24 62

Horario


De martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h
Domingos de 11.00 a 14.00 h
(Luns pechado)

C Compostela
Cultura
Didáctica

A antiga casa do concello de Santiago de Compostela

A nosa historia comeza no século XV, momento no que Compostela **non contaba con casa do concello**. Imaxínade que tiñan que facer as reunións onde podían ou lles deixaban! De feito, dise que na Idade Media xuntábanse á sombra dun carballo na Praza do Campo, hoxe de Cervantes.

Por certo, imaxinas como era o Santiago de aquela época? O chan non estaba empedrado, era terra! E moitas casas estaban feitas de madeira!



Recreación da Compostela do s. XIII
Compostella dicitur. Consorcio de Santiago

A historia comeza a cambiar a finais deste mesmo século, cando os documentos máis antigos falan dun **edificio na Praza da Quintana**, ao ladiño do convento de San Paio de Antealtares. Porén, logo marchan de aquí por problemas co arcebispado, para outra praza da cidade: a do Campo.

Constrúen un pequeno edificio no comezo da **rúa do Preguntoiro** para crear unha casa do concello. Nela debería haber escribanías, sala de xuntas, capela...

A antiga casa do concello de Santiago de Compostela

Co paso do tempo o edificio acabou en moi mal estado, sendo mesmo perigoso para a xente que alí traballaba. Por iso, a pesar de non ter moitos cartos, deciden investir os aforros e mesmo piden diñeiro a toda a antiga provincia de Santiago para levar adiante o deseño proposto pola estrela dos arquitectos da época: **Domingo de Andrade** (mestre de obras da catedral).

Algunhas das obras máis importantes de Santiago son del, como a Torre do Reloxo, a Casa da Parra ou o convento de San Domingos. Coñecédelas? A partir de agora, e cando paseedes pola cidade, fixédevos nelas e no decoradas que están.



Balcón do
Antigo Concello

San Domingos de Bonaval



Casa da Parra



Torre do Reloxo

A antiga casa do concello de Santiago de Compostela

Domingo de Andrade pensou que o edificio do concello era moi pequeno, polo que o fixo dun tamaño maior, cunha nova fachada cara á Praza de Cervantes, tal e como o vemos hoxe en día. Se vos fixades, coa nova portada o edificio é case **simétrico**. De feito, cando ampliaron o terceiro andar cando se transformou en vivenda, respectaron a simetría.

Sabes o que quere dicir simétrico? Se comparas un lado e o outro verás unha ventá que non había no edificio orixinal.



A obra mudou un chisco desde que deixou de ser casa do concello no ano 1787. Como se transformou nunha gran vivenda, os escudos que había na fachada principal e na do Preguntoiro foron eliminados. Sabes como é o escudo da cidade de Santiago? Que elementos ten?

Ademais, cando se lle dou unha altura máis ao edificio elimináronse as gárgolas que tiña nos bordes do tellado. Para que servían?



A Casa da Parra conserva as súas gárgolas

A antiga casa do concello de Santiago de Compostela

O espazo escollido para facer o antigo concello non foi casual. A **Praza do Campo** -como lle chamaban- era o punto de comercio máis importante da cidade, onde os mercadores poñían os seus postos para a venda.

Imaxínade como sería un mercado antigo. Que mercadorías venderían? Como se disporían na praza? Tamén había un encargado de fixar os prezos e o regateo dos produtos que alí se vendían.



Esta praza era o lugar onde se celebraban as festas públicas, enchendo a praza con luces e recibindo a reis e nobres chegados desde moi lonxe. Para ver a música, a danza ou os fogos de artificio os dirixentes da cidade e as súas familias asomábanse ao mesmo balcón que vemos hoxe en día.



A antiga casa do concello de Santiago de Compostela

A rúa que temos o seu carón é a do **Preguntoiro**. A que vos soa iso? A pregoar, comunicar... non si? Pois iso era precisamente o que alí se facía. Un dos traballadores do concello comunicaba á cidade temas importantes para a súa vida cotiá.

Tal e como vemos, os modos de vida da antiga Compostela seguen presentes no nome das súas prazas e rúas. Cando paseedes pola zona vella fixádevos nestes nomes, moitos deles de antigas profesións.



E se este edificio do Preguntoiro **se transformou en vivenda** hai máis de douscentos anos, onde estivo o Concello durante todo este tempo? Pois no mesmo lugar no que está agora, na praza máis coñecida da cidade en todo o mundo. Sabes cal é?

Afortunadamente, agora podes volver pisar as salas deste importante edificio grazas a que foi comprado polo Concello en 2001 e hoxe instalouse nel a Zona C. Un punto de información cultural onde podes comprar entradas para o teatro ou ver exposicións e outras actividades culturais.